

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E EMBELECIMENTO DO REFUXIO MIRADOR DA SENDA FLUVIAL PRG-35 XORA

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Coirós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Coirós para actuacións de mellora e embelecemento do Refuxio Mirador da Senda Fluvial PRG-35 Xora.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento



dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a "información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local".

**Segundo.-** O artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común.

**Terceiro.-** - O concello de Coirós atópase situado na Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e no propio Catálogo de Paisaxes de Galicia, o que permite actuacións ambientais de gran calado ao dispor de innumerables áreas verdes e proporcionar estas dotacións á totalidade da poboación do municipio, cumprindo estritamente, en cada momento, cunha normativa moi esixente, sobre todo no referido ao tratamento ambiental das mesmas e a súa propia seguridade, propiciando execucións que permitan o goce de estes espazos con plenas garantías de seguridade, accesibilidade e demais requirimentos ambientais.

É sen lugar a dúbidas unha ruta de auga e muíños. Nada máis comezar pódese gozar de catro muíños, parte dun conxunto etnográfico de sete destas estruturas típicas do rural galego. Esta ruta permite contemplar os tramos máis fermosos do río Vexo. Un pouco antes da minicentral, un ramal comunica cunha ferrería. Todo isto, dentro dun pequeno bosque autóctono que constitúe o tramo máis interesante do sendeiro.

Preténdese agora unha actuación de mellora e embelecemento do Refuxio Mirador da senda fluvial PRG-35, referida a un elemento e espazo degradado, de alto valor ambiental e paisaxístico.

A idea principal do presente proxecto é o de recuperar o elemento inacabado, cos seguintes obxectivos:

- Conservación e recuperación do existente
- Embelecemento do mesmo mediante madeira tratada
- Dotar de maior funcionalidade aumentando os espazos útiles
- Integrar o novo mirador no elemento inacabado



- Favorecer o uso como área de ocio e goce do público contribuíndo ao coñecemento da contorna natural e da súa biodiversidade.

En consecuencia proxéctanse as seguintes actuacións:

- Rehabilitación da cuberta existente de tella cerámica curva
- Tratamento superficial protector de madeira en teitos e encerchados, incluído o tratamento da estrutura metálica
- Dotación dun novo miradoiro , de madeira tratada dotado de estrutura, tarima e varanda de protección
- Xestión de residuos.

**Cuarto.-** Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Coirós unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

